



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta e ún de outubro de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. - Non asiste Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e catro de outubro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/N/25.6/16.-**

Visto o escrito presentado por **Dona Paula Andrea Ortiz**, onde solicita Licenza de Obras para realización de obras consistentes na construción dunha vivenda unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos, na rúa San Lázaro nº 16, desta Vila, segundo “Proxecto de Execución de Vivenda Unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data de 13 de xullo de 2016, redactados polo arquitecto D. Alberto Monreal Aliaga, colexiado nº 1910 do Colexio de Arquitectos de Aragon e Dona Elisa Duran Pérez, colexiado nº 113459 do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid.

- Consta Informe da Comisión Territorial de Patrimonio na súa sesión de 30 de setembro de 2016.

-Consta Proxecto de Execución de Vivenda Unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data de 13 de xullo de 2016, redactados polo arquitecto D. Alberto Monreal Aliaga, colexiado nº 1910 do Colexio de Arquitectos de Aragon e Dona Elisa Duran Pérez, colexiado nº 113459 do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid.

- Consta Informe de data de 25 de outubro de 2016 da empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, Aqualia.



- Consta informe da Arquitecto Municipal de data 26 de outubro de 2016.
- Consta informe do Secretario municipal de data 27 de outubro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

**Conceder licenza a Dona Paula Andrea Ortiz**, para realización de obras consistentes na construción dunha vivenda unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos, na rúa San Lázaro nº 16, desta Vila, segundo “Proxecto de Execución de Vivenda Unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data de 13 de xullo de 2016, redactados polo arquitecto D. Alberto Monreal Aliaga, colexiado nº 1910 do Colexio de Arquitectos de Aragon e Dona Elisa Duran Pérez, colexiado nº 113459 do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid.

### **1.- Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

*A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.*

*De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.*

*Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.*

*En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.*

**Penalización:** *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

**Caducidade:** *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

### **2.- Condicións particulares:**



*Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:* Construcción dunha vivenda unifamiliar e vivenda comunitaria.

*Contía na que se orzan as obras:* 159.328,60 €

*Situación e emprazamento das obras:* Rúa San Lazaro nº 19.

*Nome ou razón social do promotor:* Paula Andrea Ortíz.

*Prazos:* O prazo de inicio das obras non poderá exceder dun (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

*Liquidación do ICIO:* Tendo en conta que con data 15/01/2016, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 4.142,54 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 159.368,60 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo coa contía xa aboada.

### **OUTRAS CONDICIONS.-**

- As obras axustaranse o Proxecto de Execución de Vivenda Unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data de 13 de xullo de 2016, redactados polo arquitecto D. Alberto Monreal Aliaga, Colexiado nº 1910 do Colexio de Arquitectos de Aragon e Dona Elisa Duran Pérez, Colexiado nº 113459 do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid.

- Antes do Inicio das Obras, deberán presentarse os correspondentes Oficinos de designación de técnicos de Dirección das Obras, de Dirección da Execución das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.  
Achegarase o Cuestionario de Estatística da Edificación.

-Na execución das obras, estarase ó disposto no Informe, de 25 de outubro de 2016, da empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, Aqualia.

- Estarase ó disposto na Resolución da Xefa de Servizo de Coordinación da Área Cultural por delegación da Directora Xeral de Patrimonio Cultural, logo do Ditame da Comisión Territorial de Ourense do Patrimonio Histórico Galego – Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria – Xunta de Galicia, na súa sesión ordinario do 30 de setembro de 2016:- Deberán presentar anexo de solución dos peches da parcela, sobre todo o que servirá de lindeiro coa capela de San Lázaro e coa rúa a que da fronte.

- Depositará aval económico, coa finalidade de garantir o correcto estado do vial público (beirarrúa) unha vez rematadas as obras, por importe de 1.520,88 €(mil cincocentos vinte euros con oitenta e oito céntimos).

### **RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:**

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde recollidas na normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.



Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

#### **CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO**

Visto o escrito presentado por **Dona Ana Belen Docampo González**, con domicilio en San Paio, no que solicita o cambio de titularidade de dereito funerario, sobre a sepultura sita no socalco terceiro dereita, do cemeterio municipal actualmente o nome de José Carballal Doval, a nome de Dona Ubaldina Rodríguez Vázquez, para o cál acompaña diversa documentación, entre elas autorización dos herdeiros e poder notarial.

A Xunta de Gobeno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda autorizar a tramisión do dereito do aproveitamento funerario sobre a sepultura terrena sita no solcalco terceiro dereita, do cemeterio municipal a nome de Ana Belen Docampo González, que deberá cumprir coas seguintes condicións:

1. Queda terminantemente prohibido o aluguer ou venda de nichos .
2. Non se autorizará ningunha inhumación ou exhumación en nichos a perpetuidade, sepultura construída, panteón ou mausoleo sen que se presente o oportuno permiso asinado polo titular do dereito de uso.
3. As cesións a perpetuidade, tanto de terreos para panteóns ou mausoleos, coma de nichos e sepulturas construídas, enténdense outorgadas por todo o tempo durante o cal se utilice o cemiterio, non tendo dereito os cesionarios a indemnización algunha, nin tampouco polas construcións, cando por calquera causa se clausurase o cemiterio.
4. Se o Concello, por reforma do cemiterio ou outra causa, distinta do acordo de clausura, suprimise algunha destas sepulturas perpetuas, asignará ao concesionario outro terreo en sitio distinto, con dereito a indemnización pola construción que deba desaloxar.
5. É obriga dos titulares do dereito de uso dos panteóns ou mausoleos, nichos e sepulturas construídas, o coidado das debidas condicións de hixiene, ornato e conservación.
6. Cando estas construcións fosen desatendidas dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá demolelas e retirar cantos atributos e obxectos se encontren na sepultura, trasladando os restos que puidese conter ao osario común, sen que poida esixírselle indemnización algunha.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Axencia de Turismo de Galicia, comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma do establecemento denominado Donner Kebab Ribadavia sito na rúa Progreso nº 13, a nome de Ashraf Muhammad.



- Da Dirección Xeral de Inclusión Social, Resolución de data 21.10.2016 de concesión de subvención para programas de inclusión xitana e educación de apoio familiar.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DE ORZAMENTO**

Tendo en conta a entrada en vigor da nova Lei de Procedemento Administrativo e ante a obrigatoriedade da implantación da Administración Electrónica co obxecto de comenza xa a interrelacionarse cos cidadans e co resto deas administración e provedores de forma telemática e co obxecto da posta en funcionamento do Portal de Transparencia, faise necesario adquirir unha aplicación informática o efecto.

En base a elo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación o orzamento presentado pola empresa Aluoce S.A. (Espublico-Gestiona), para a implantación do programa Gestiona, por importe de 461,82 euros/mes, más I.V.E..

2.- Comunicar o presente acordo a empresa interesada os efectos de iniciar os trámites para a súa implantación.

### **APROBACION DE CONTA XUSTIFICATIVA DE GASTOS DE MANTEMENTO DO G.E.S.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a conta xustificativa da subvención concedida a esta entidade ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, exercicio 2016, co teor que consta no expediente.”

### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE 4 PEONS DE LIMPEZA VIARIA.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 31.10.2016, relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir catro prazas de peons de limpeza viaria.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 31.10.2016.
2. Informe de intervención de data 31.10.2016.
3. Informe xurídico de data 31.10.2016.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir catro prazas de peón de limpeza viaria.



**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.